

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE NOVEMBRO DE DOUS
MIL DEZASETE: - - - - -

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasa Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D. José Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D. Roberto Carlos Agís Balboa
D^a Vanessa Rodríguez Búa

NON ASISTE:

D. José Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis Angel Sabariz Rolán
=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 25 DE SETEMBRO E 05 DE OUTUBRO DE 2017. Polo Sr. **Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que a súa intervención reflectida na páxina 66 na acta do pleno do 25/09/17, incluída no punto terceiro da orde do día de aprobación dos orzamentos, fixo referencia á problemática que presenta o local de medio ambiente en Vilalonga que non ten calefacción afectando negativamente os labores da técnico, da auxiliar e do policía local que realizan traballos en dita oficina, e que isto non foi recollido no documento.

A corporación, por **unanimidade**, acordou que o parágrafo cuarto de dita páxina 66 quede redactado deste xeito:

“A **Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto**, denunciou que recibiu a documentación en fotocopias en branco e negro, que case non se podían ler, polo que en aras á transparencia, solicitou que se lle facilitase a documentación en CD ou mediante un pen drive. A interveniente dixo que había partidas chocantes, como a reposición da bomba de calor ou novos despachos, porén non ten calefacción a oficina de medio ambiente de Vilalonga, prexudicando as labores da técnico, da auxiliar e do policía que prestan alí os seus servizos e destacou o escaso investimento en parques infantís, tratándose duns orzamentos que non pensaban nas necesidades dos veciños, engadindo que os incentivos en produtividade están en relación cos servizos extraordinarios prestados pola policía no verán, sendo todas estas razóns polas que votará non aos orzamentos.”

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse ás referenciadas actas por unanimidade, coa modificación antedita na acta do 25 de setembro de 2017.**-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN PROVISIONAL DA “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO”. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo do 22 de novembro de 2017** da seguinte **proposta da alcaldía:**

“Na data do 27 de marzo de 2017 o Pleno do Concello de Sanxenxo acordou prestar aprobación inicial á modificación puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo (PXOM).

A versión inicial do plan foi sometida a información pública mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 71 do 11 de abril de 2017 e no diario Faro de Vigo do 7 de abril de 2017.

Na data do 12 de abril de 2017 o expediente foi remitido ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co establecido no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG).

Na mesma data, o Concello solicitou os restantes informes sectoriais que resultaban preceptivos de conformidade coa lexislación vixente (artigo 60.8 da LSG).

Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e á vista dos informes sectoriais remitidos, o concello elaborou a **proposta do plan**, que non é preciso remitir novamente ao órgano ambiental toda vez que a Modificación puntual nº 6 do PXOM non se someteu ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

O documento da proposta de plan foi informado favorablemente pola Técnica Xurídica do Departamento de Urbanismo, polo Arquitecto municipal e polo Secretario accidental, e fiscalizado favorablemente polo Interventor do Concello de Sanxenxo.

Á vista do exposto, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, propoño ao Pleno do Concello de Sanxenxo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas no expediente de Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo por D. Marcelino Domínguez Torres, D. Manuel Barbeito Fernández, D. Antonio Outón García, D. Gonzalo Touriño Gómez, D^a M^a del Carmen Martínez Piñeiro, D^a M^a Jesús García Maqueira, D. José Touriño Camiña, D. Manuel Vázquez Otero, D^a Ana M^a Piñeiro Aguín, D. Julio Eduardo de Rojas Palacios, D^a M^a del Carmen Hornung, D^a M^a del Carmen, D. José Luís, D^a M^a Paz Leirós de la Peña e D^a Beatriz Alonso de Velasco Esteban; **estimar parcialmente as alegacións** presentadas por D. Jaime Rodiño Magdalena e D. Salvador Rocafort Morales; **e estimar as alegacións** presentadas por D^a Digna M^a Chacón Varela, D^a M^a Luisa Otero Berreco, D. Antonio Besada Blanco, D. José Manuel Casal Barreiro, D. Juan Rea Méndez, Negocios e Logística del Noroeste, S.L. e D^a M^a Luísa Martínez Torres; en base ás consideracións citadas no informe técnico e xurídico municipal de data 20 de novembro de 2017, que se notificará aos alegantes xunto con este acordo.

Segundo.- Prestar aprobación provisional á Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo, contida no documento asinado o 20 de novembro de 2017 por D^a M^a Asunción Lorenzo Outón, D. José Manuel Rey Rial e D. Rafael Vázquez Abal.

Terceiro.- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, aos efectos da súa aprobación definitiva.””

O documento da proposta do plan foi informada favorablemente pola técnica xurídica do departamento de urbanismo e polo arquitecto municipal emitindo o seguinte **informe**:

“”Os Técnicos que subscriben, no día da data, emiten o seguinte **INFORME**:

A.ANTEDECENTES:

1.Na data do 27 de marzo de 2017 o Pleno do Concello de Sanxenxo acordou prestar aprobación inicial á modificación puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo (en adiante, o PXOM).

2.A versión inicial do plan foi sometida a información pública mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia nº 71 do 11 de abril de 2017 e no diario Faro de Vigo do 7 de abril de 2017

3.Na data do 12 de abril de 2017 o expediente foi remitido ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co establecido no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en adiante, LSG).

4.Na mesma data, o Concello solicitou os restantes informes sectoriais que resultaban preceptivos de conformidade coa lexislación vixente (artigo 60.8 da LSG), aos que se fará referencia nos seguintes fundamentos técnicos e xurídicos.

5.Segundo establece o artigo 60.9 da LSG, tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

Non obstante, o órgano ambiental resolveu non someter a Modificación puntual nº 6 do PXOM de Sanxenxo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (resolución do 17 de outubro de 2016), sen prexuízo da necesidade de incorporar as determinacións recollidas no informe ambiental estratéxico.

En consecuencia, no presente suposto, non procede remitir novamente o expediente ao órgano ambiental, se non elaborar a proposta do plan e, previo informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais, proceder á aprobación provisional do seu contido coas modificacións que fosen pertinentes.

6.Á vista das alegacións formuladas e dos informes sectoriais remitidos, os técnicos que subscriben elaboraron a **proposta do plan que se somete á aprobación provisional** do Pleno da Corporación, con arranxo aos seguintes fundamentos técnicos e xurídicos.

B.FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:

B.1.Análise das alegacións presentadas durante o período de exposición pública:

1.- Alegación formulada por D^a Digna M^a Chacón Varela (registro de entrada nº 5.451).

No escrito presentado se alega, en síntese, que o documento en tramitación cualifica coa ordenanza 9, hoteleira, unha superficie que, aínda que da acceso á unha instalación hoteleira, tamén da acceso á parcela da súa propiedade, cualificada coa ordenanza nº 8. Se aporta Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 de Cambados na que se declara a copropiedade da alegante e o seu esposo sobre a superficie identificada nos planos que acompaña.

En consecuencia, solicita que se manteña a cualificación urbanística da parcela e zona como ordenanza 8, de edificación unifamiliar extensiva.

A sentenza aportada pola interesada declara, en efecto, a súa cotitularidade sobre unha parte do inmovible que a Modificación puntual nº 6 en tramitación contempla cualificar coa ordenanza nº 9, "Hoteleira ou comercial en edificio illado".

Así mesmo, se aporta Dilixencia de Ordenación do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 3 de Cambados pola que se admite o recurso de apelación interposto e se remiten os autos á Audiencia Provincial de Pontevedra. A estimación, sequera parcial, do citado recurso de apelación suporía a declaración da cotitularidade da alegante sobre unha maior superficie da estimada en primeira instancia, segundo se indica e identifica na alegación presentada.

É dicir, parte do terreo actualmente cualificado con ordenanza nº 8, que a Modificación puntual nº 6 contemplaba cualificar como hoteleiro ou comercial en edificio illado, non é titularidade exclusiva da instalación hoteleira existente, se non que forma parte, en proindiviso, das propiedades colindantes cualificadas con ordenanza nº 8. Neste senso, o cambio da cualificación existente prexudicaría a tales propietarios, ata o punto de impedir-lles a obtención da correspondente licenza urbanística.

En consecuencia, procede estimar a alegación presentada e manter a cualificación urbanística actualmente vixente (ordenanza nº 8) na superficie xudicialmente declarada copropiedade da alegante e, en aras da maior seguridade xurídica desexable, na superficie pendente de declaración no recurso de apelación presentado.

2.- Alegación formulada por D. Marcelino Domínguez Torres (registro de entrada nº 5.925).

Na alegación formulada se solicita que se rectifiquen as ordenanzas oportunas coa finalidade de permitir os servizos hoteleiros nas plantas de soto ou semisoto.

A alegación formulada, na que se solicita a posibilidade de instalar os servizos hoteleiros na planta de soto ou semisoto, xa foi incluída na Modificación puntual nº 2 do PXOM, aprobada definitivamente pola Orde do 1 de abril de 2013 e publicada no BOP de Pontevedra do 19 de abril de 2014.

Na Modificación puntual de referencia, modificouse o epígrafe 2º, "Condicións", do subapartado 4.1.5 "Regulación do uso hoteleiro", establecendo que:

"Os servizos xerais dos establecementos hoteleiros, tanto de uso público como privado, poderán instalarse nos andares de soto ou semisoto, debendo cumprir tanto as condicións fixadas pola lexislación específica en materia turística, como a normativa técnica que sexa de aplicación".

En consecuencia, desestímase a alegación formulada por canto a modificación pretendida xa figura incorporada ao PXOM vixente trala Modificación puntual nº 2 aprobada no ano 2.013.

3.- Alegación formulada por D. Manuel Barbeito Fernández (registro de entrada nº 5.924).

Na alegación formulada se solicita que no ámbito das ordenanzas 8 e 12 do PXOM, os hórreos cunha superficie inferior ou igual a 15,00 m² non computen edificabilidade.

Nas ordenanzas nº 8 e 12 do PXOM permítese edificacións auxiliares, tales como hórreos, adegas, alpendres e alboios, indicando que non computarán dentro dos parámetros xerais fixados polas respectivas ordenanzas. Terán unha superficie máxima (suma de todos) de 30 m² e unha altura máxima de 3,00 m e respectarán as mesmas regras de recuamentos que para a edificación principal.

Non cabe dúbida de que os hórreos, adegas, alpendres e alboios constitúen, xunto cos muíños, elementos do mundo rural e que forman parte dun legado cultural e etnográfico a conservar; e de que, para a súa correcta protección, sería necesario incorporar este patrimonio a un inventario cultural e etnográfico destes elementos e non soamente dos hórreos como sucede na actualidade.

Como se indicou anteriormente, as ordenanzas nº 8 e 12 xa establecen que estas edificacións non computen dentro dos parámetros xerais de ordenación ata 30 m², sen que se considere procedente establecer unha superficie de 15 m² exclusiva para os hórreos, que xa entrarían dentro dos 30 m² que se permiten como edificacións auxiliares.

Polo demais, a propia Modificación puntual nº 6 contempla a posibilidade de que tales edificacións complementarias da vivenda principal excedan da devandita superficie, se ben deberán observar os parámetros e as obrigas previstas para estes casos.

En consecuencia, desestímase a alegación formulada.

4.- Alegación formulada por D. Jaime Rodiño Magdalena (registro de entrada nº 5.996).

Na alegación formulada se solicita que se corrixa a delimitación do núcleo urbano de Major, de conformidade coa cartografía catastral, o límite parcelario e a delimitación do SU 22 colindante.

No PXOM vixente a delimitación dos solos urbanizables sectorizados está representada na cartografía a escala 1/5000; non obstante, o núcleo urbano consolidado de Major está representado na cartografía a escala 1/2000, o que provoca desaxustes nos límites entre ambos ámbitos.

Asemade, débese ter en conta que as delimitacións están grafadas con trazos que supoñen unha liña de 8 m de espesor; e, doutra banda, que os plans parciais poden reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e das áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10% do ámbito delimitado polo plan xeral, mesmo cando o reaxuste afecte a clasificación urbanística do solo (art. 65.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia), como así aconteceu na delimitación do SU 22.

En consecuencia, resulta axeitado axustar o límite entre o solo urbano consolidado e o sector de solo urbanizable 22, contiguos entre si, evitando a existencia de pequenas superficies baleiras que quedarían sen clasificación expresa.

Respecto á delimitación do núcleo urbano na parte lindeira co solo urbanizable non sectorizado, para facelo coincidir coa delimitación catastral das parcelas, se ben a diferenza é pequena, suporía unha reclasificación do solo allea ao contido do expediente da Modificación puntual nº 6. En efecto, non é obxecto da Modificación puntual nº 6 en tramitación a modificación da clasificación do solo rústico en solo urbano, circunstancia que obrigaría, entre outros aspectos, a revisar as previsións de solo urbanizable e o cómputo global de espazos libres e dotacións públicas.

O caso alegado do núcleo rural de Aios non é equiparable ao obxecto da alegación, pois naquel suposto trátase da redelimitación dun núcleo rural aos efectos de incluír unha franxa estreita que forma parte dunha parcela xa incluída no núcleo e con fronte a un sistema viario principal, e non implica o incremento das parcelas edificables xa existentes. No caso da parcela obxecto da alegación se trata dun ámbito de solo urbano consolidado no que, por conseguinte, non se aplican os mesmos criterios de clasificación e delimitación previstos para o solo de núcleo rural.

En consecuencia, estímase parcialmente a alegación presentada, redelimitando o solo urbano consolidado en Major polo seu linde norte, aos efectos de facelo coincidir coa delimitación do SU 22, desestimando a alegación no tocante á redelimitación do solo urbano na parte lindeira co solo urbanizable non sectorizado.

5.- Alegación formulada por D. Jaime Rodiño Magdalena (registro de entrada nº 5.997).

Na alegación formulada se solicita a corrección da cartografía do plano 7.20, coa finalidade de reflexar tódolos cambios existentes dende a aprobación do PXOM no ano 2003, basicamente, as vivendas edificadas dende entón.

Así mesmo, se solicita a modificación do trazado do vial previsto, coa finalidade de mellorar a accesibilidade e incidir o menos posible nunha edificación existente.

Con respecto á primeira das solicitudes formuladas, non é obxecto da Modificación puntual en tramitación reflexar na cartografía catastral as construcións realizadas dende a entrada en vigor do PXOM; unha modificación como a solicitada obrigaría a revisar toda a cartografía do PXOM con esta finalidade.

Polo demais, ao contrario do indicado na alegación, a corrección solicitada crearía situacións de inseguridade xurídica, ao mesturar na planimetría do PXOM as edificacións existentes no ano 2003 coas erixidas con posterioridade, dato utilizado – xunto con outros - polos servizos técnicos municipais para coñecer a antigüidade das edificacións aos efectos de autorizar novas obras e/ou usos.

No tocante á solicitude da lixeira variación do trazado do vial, mais aló das consideracións que se realizan sobre a preexistencia da edificación e a obriga de indemnización no caso de execución do vial, cuxa realidade non resulta preciso valorar no trámite no que nos atopamos, o certo e verdade é que a modificación do trazado do tramo final que se propoñe facilitaría a execución do vial, evitando o desnivel existente no trazado proxectado na actualidade.

Doutra banda, o trazado proposto polo interesado facilita o acceso por vía pública á parcela catastral nº 620, clasificada como solo urbano consolidado, por lo que resulta procedente modificar o trazado do vial na forma proposta.

En consecuencia, estímase parcialmente a alegación presentada, rexeitando incluír na cartografía catastral as edificacións existentes na actualidade (se manteñen as preexistentes ao ano 2003), mais se modifica lixeiramente o trazado do vial proxectado no núcleo de Major ata o límite do solo urbano delimitado no PXOM, que non se amplía.

6.- Alegación formulada por D. Antonio Outón García (registro de entrada nº 6.002).

Na alegación formulada se solicita que se clasifique como solo urbano consolidado a zona identificada, sita en Paxariñas, actualmente clasificada no PXOM vixente (plano 5.9) como solo rústico de protección de costas.

Así mesmo, se solicita a redución do ancho dun vial previsto no ámbito obxecto de ordenación (plano 7.32 do PXOM), coa finalidade de homoxeneizar a súa anchura ao longo do seu trazado.

En primeiro lugar, debe sinalarse que non é obxecto da Modificación puntual nº 6 en tramitación a modificación da clasificación do solo, especialmente si se trata dun cambio de solo rústico de especial protección a solo urbano. Unha modificación co alcance solicitado obrigaría, entre outros aspectos, a revisar as previsións de solo urbanizable e o cómputo global de espazos libres e dotacións públicas.

Doutra banda, o ámbito en cuestión non reúne os requisitos para ser clasificado como solo urbano previstos no artigo 16 da LSG, pois nin conta con acceso rodado público nin con servizos urbanísticos proporcionados mediante redes públicas, sen que poda servir de soporte a estes efectos a estrada autonómica PO-308; nin se trata dun área consolidada pola edificación en mais de dos terceiras partes. Pola contra, se trata dun solo con especial valor paisaxístico, incluído na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre e nun ámbito cualificado polo Plan de Ordenación do Litoral en parte como de mellora ambiental paisaxística e en parte de protección costeira, polo que se trata de solo que si ostenta a condición de solo rústico de protección de costas (artigo 34 da LSG).

En canto á redución da anchura do vial previsto no plano 7.32 da cartografía a escala 1/2000, o establecemento deste vial obedece a que na aprobación inicial do PXOM vixente se contemplaba a delimitación dun núcleo de solo urbano. Trala exposición pública e os informes sectoriais, a parte do núcleo que estaba afectada pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre quedou clasificada como solo rústico de protección de costas; sen embargo, por erro, na cartografía a escala 1/2000 quedou grafado o vial e incluso a ordenanza de aplicación, non obstante clasificarse como solo rústico de especial protección de costas e quedar fora da delimitación do núcleo.

Por todo elo, procede eliminar as aliñacións do vial na parte que quedou clasificada como solo rústico así como a errónea indicación da ordenanza de aplicación, toda vez que eran determinacións previstas na aprobación inicial (cando se clasificaba a totalidade do ámbito como solo urbano consolidado) e, por erro, se mantiveron na aprobación definitiva.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada, mantendo a clasificación deste ámbito como solo rústico de especial protección de costas e eliminando as aliñacións do vial improcedentemente sinaladas.

7. - Alegación formulada por D. Gonzalo Touriño Gómez (registro de entrada nº 6.003).

Na alegación formulada se solicita que se clasifique como solo urbano consolidado a zona identificada, sita en A Lanzada, actualmente clasificada no PXOM vixente (plano 5.3) como solo rústico de protección de costas.

En primeiro lugar, debe sinalarse que non é obxecto da Modificación puntual nº 6 en tramitación a modificación da clasificación do solo, especialmente si se trata dun cambio de solo rústico de especial protección a solo urbano. Unha modificación co alcance solicitado obrigaría, entre outros aspectos, a revisar as previsións de solo urbanizable e o cómputo global de espazos libres e dotacións públicas.

Doutra banda, estamos ante un solo incluído na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre e dun ámbito cualificado polo Plan de Ordenación do Litoral en parte como de mellora ambiental e paisaxística, polo que se trata dun solo que debe ser preservado do seu desenrolo urbanístico e como tal clasificado como solo rústico de especial protección de costas (artigos 31 e 34 da LSG).

En canto á delimitación dun núcleo costeiro aos efectos da Lei 2/2013, de modificación da Lei de Costas, foi expresamente desestimada polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente na data do 28 de febreiro de 2017 e confirmada mediante resolución da mesma Administración do 19 de xuño de 2017, polo que non cabe ao día da data pretender a súa clasificación como solo de núcleo rural, menos como solo urbano. E elo sen prexuízo de que, no caso dunha eventual estimación do recurso contencioso-administrativo actualmente en tramitación, poida continuarse co expediente de delimitación de núcleo no seo daquel procedemento mais non dentro do presente expediente de modificación puntual.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada, mantendo a clasificación deste ámbito como solo rústico de especial protección de costas.

8.- Alegación formulada por D^a M^a Luisa Otero Berreco (registro de entrada nº 6.005).

Na alegación formulada se solicita que se elimine un vial previsto na zona de Paxariñas (plano 7.32 do PXOM), en solo clasificado como solo rústico de protección de costas, por ser innecesario e contrario á normativa de costas en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Na zona de Paxariñas, na parte comprendida entre a PO-308 e o mar, o PXOM vixente establece as aliñacións dun vial de 10 m de ancho na parte clasificada como solo urbano consolidado e de 12 m de ancho na parte clasificada como solo rústico de protección de costas; vial que se apoia, en parte, sobre o trazado de vial existente e, en parte, é de novo trazado.

O establecemento deste vial obedece a que na aprobación inicial do PXOM vixente se contemplaba a delimitación dun núcleo de solo urbano consolidado. Trala exposición pública e os informes sectoriais, a parte do núcleo que estaba afectada pola servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre quedou clasificada como solo rústico de protección de costas; sen embargo, por erro, na cartografía a escala 1/2000 quedou grafado o vial e incluso a ordenanza de aplicación, non obstante clasificarse como solo rústico de especial protección de costas e quedar fora da delimitación do núcleo.

Por todo elo, procede eliminar as aliñacións do vial na parte que quedou clasificada como solo rústico así como a errónea indicación da ordenanza de aplicación, toda vez que eran determinacións previstas na aprobación inicial, cando se clasificaba a totalidade do ámbito como solo urbano consolidado e, por error, se mantiveron na aprobación definitiva.

En consecuencia, procede estimar a alegación formulada e eliminar as aliñacións do vial improcedentemente sinaladas.

9.- Alegación formulada por D. Antonio Besada Blanco (registro de entrada nº 6.102).

No escrito presentado alégase que a parcela da súa propiedade, sita en Pombal-Adina, fronte ao colexio Abrente, está clasificada, en parte, como solo urbano consolidado no ámbito de aplicación da ordenanza nº 4, Grao A "edificación mixta" e, parte, como solo urbanizable non sectorizado.

Dado que as partes clasificadas como solo urbano consolidado son áreas descontínuas, separadas polo solo urbanizable non sectorizado, solicítase que se modifique a delimitación do solo urbano consolidado da parcela, de forma que se delimite un área continua que facilite o aproveitamento urbanístico.

Consultados os planos de ordenación do PXOM e o parcelario do entorno, a ordenación vixente clasifica a parcela coa referencia catastral nº 4046610NG1944N0000PW, en parte, como solo urbano consolidado, no ámbito de aplicación da ordenanza nº 4, Grao A "Edificación mixta" e, en parte, como solo urbanizable non sectorizado, ao que sería de aplicación o réxime do solo rústico de protección ordinaria consonte á LSG.

A delimitación do solo urbano consolidado na parcela de referencia realízase de forma descontínua sen conexión entre as delimitacións, establecendo unha pequena franxa de forma case tanxencial no fronte ao vial e o resto nun lateral sen fronte a vía pública; e o certo e verdade é que esta delimitación impide o aproveitamento urbanístico da parcela como consecuencia da descontinuidade da delimitación do solo urbano consolidado dentro da mesma.

Polo exposto, a delimitación proposta sería mais acorde coa estrutura da propiedade, establecendo a delimitación do solo urbano consolidado na área de afección do vial á que da fronte a parcela e permitindo o aproveitamento urbanístico da mesma; dita delimitación debe realizarse compensando as superficies, de forma que non se produza un incremento da intensidade de uso e non de lugar a un incremento da previsións de espazos libres e dotacións públicas.

En consecuencia, procede estimar a alegación formulada e facilitar o aproveitamento da parcela con fronte ao sistema viario.

10.- Alegación formulada por D^a M^a del Carmen Martínez Piñeiro (registro de entrada nº 6.194).

Na alegación formulada se solicita que non se considere unha servidume de paso como camiño público, así como a ampliación do núcleo rural do Outeiro ata o límite dun vial existente.

Pese o alegado pola interesada, o PXOM vixente non proxecta un vial polo linde leste da parcela, nin o Inventario de camiños municipais actualmente en fase de exposición pública contempla a existencia dun camiño público. Cuestión distinta é a situación reflexada no parcelario catastral, cuxa modificación poderá ser instada pola interesada ante o Catastro Inmobiliario.

No tocante á ampliación do núcleo rural de Outeiro, non é obxecto da Modificación puntual nº 6 en tramitación a modificación da clasificación do solo. Unha modificación co alcance solicitado obrigaría, entre outros aspectos, a revisar as previsións de solo urbanizable e o cómputo global de espazos libres e dotacións públicas. Ademais, no caso dos núcleos rurais, unha eventual ampliación debe facerse en función das previsións de crecemento que o plan estableceza, xustificando a capacidade residencial e a previsión de demanda de vivenda (artigo 23.3.b) da LSG).

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada, mantendo a delimitación vixente do núcleo rural de Outeiro.

11.- Alegación formulada por D^a M^a Jesús García Maquieira (registro de entrada nº 6.195).

Na alegación formulada se solicita a corrección da cartografía do PXOM, coa finalidade de reflexar as construcións realizadas con posterioridade ao ano 2003.

Non é obxecto da Modificación puntual en tramitación reflexar na cartografía catastral as construcións realizadas dende a entrada en vigor do PXOM; unha modificación como a solicitada obrigaría a revisar toda a cartografía do PXOM con esta finalidade.

Polo demais, a corrección solicitada crearía situacións de inseguridade xurídica, ao mesturar na planimetría do PXOM as edificacións existentes no ano 2003 coas erixidas con posterioridade, dato utilizado – xunto con outros - polos servizos técnicos municipais para coñecer a antigüidade das edificacións aos efectos de autorizar novas obras e/ou usos.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada.

12.- Alegación formulada por D. José Touriño Camiña en representación de Fabricados e Construcciones, S.A.(registro de entrada nº 6.196).

Na alegación formulada se solicita que se clasifique como solo urbano consolidado a zona identificada, sita en Fontenla (Noalla), actualmente clasificada no PXOM vixente (plano 5.3) como solo rústico de protección de costas.

En primeiro lugar, debe sinalarse que non é obxecto da Modificación puntual nº 6 en tramitación a modificación da clasificación do solo, especialmente si se trata dun cambio de solo rústico de especial protección a solo urbano. Unha modificación co alcance solicitado obrigaría, entre outros aspectos, a revisar as previsións de solo urbanizable e o cómputo global de espazos libres e dotacións públicas.

Doutra banda, estamos ante un solo incluído na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre e dun ámbito cualificado polo Plan de Ordenación do Litoral en parte como de mellora ambiental e paisaxística e de protección costeira, polo que se trata dun solo que debe ser preservado do seu desenrolo urbanístico e como tal clasificado como solo rústico de especial protección de costas (artigos 31 e 34 da LSG).

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada, mantendo a clasificación deste ámbito como solo rústico de especial protección de costas.

13.- Alegación formulada por D. Manuel Vázquez Otero (registro de entrada nº 6.183).

Na alegación formulada se solicita que a corrección da delimitación do solo urbano contemplada na Modificación puntual nº 6 para o núcleo de A Lanzada (planos 7.6 e 7.10) non implique a prolongación do vial existente, deixando a parcela con fronte suficiente ao citado vial mais sen necesidade de que este atravesese toda a parcela.

No suposto obxecto da alegación formulada, a Modificación Puntual nº 6 aprobada inicialmente corrixe un erro na liña do solo urbano, que inclúe unha parcela de considerable superficie como solo urbano consolidado mais sen fronte á vía pública. Dito erro se explica, precisamente, coa prolongación do vial existente, pois en caso contrario – como ocorre coa solución proposta polo interesado -, non estaríamos ante un erro se non ante unha delimitación do solo urbano que, non obstante, deixaría inedificable a parcela propiedade do alegante.

Podería, en todo caso, prolongarse o vial e finalizar antes en fondo de saco (cunha pequena rotonda de xiro), pero se estima mais adecuado de cara a futuras ordenacións do ámbito prolongar o vial ata o fondo da parcela, na forma prevista no documento aprobado inicialmente.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada.

14.- Alegación formulada por D. José Manuel Casal Barreiro (registro de entrada nº 6.184).

Na alegación formulada se expón que a parcela da súa propiedade, sita entre as rúas Avda. do Areal e a Estrada PO-308 de Portonovo, clasificada como solo urbano consolidado, ten dúas cualificacións: no fronte á Avda. do Areal está cualificada dentro do ámbito de aplicación da ordenanza nº 4, Grao B “Edificación mixta”, e no fronte da estrada PO-308 está cualificada no ámbito da ordenanza nº 2, de “Edificación en bloque cerrada”.

Se solicita unha delimitación mais homoxénea entre os ámbitos das dúas ordenanzas que afectan á parcela, pois na actualidade a delimitación da ordenanza nº 2 prolonga unha tira estreita que imposibilita o aproveitamento da parcela e que provoca que a delimitación entre ambas ordenanzas resulte un tanto arbitraria.

Consultados os planos de ordenación no PXOM vixente, compróbase que a delimitación entre as ordenanzas de aplicación na parcela resulta un tanto arbitraria, carecendo de sentido a prolongación dunha tira estreita no límite da parcela que se adenta na delimitación da ordenanza nº 4. Todo parece indicar que a delimitación prevista nos planos de ordenación para a aplicación da ordenanza nº 4 se realizou sobre a vivenda existente na parcela, sen incluír os porches; o resto da parcela libre, incluíndo os porches e o patio entre a vivenda existente e a propiedade contigua, inclúese no ámbito de aplicación da ordenanza nº 2.

A delimitación proposta resulta mais acorde coa estrutura da propiedade, deixando a parte da vivenda existente, incluído o porche e o patio, dentro da delimitación da ordenanza nº 4, e o resto da parcela no ámbito da ordenanza nº 2, resultando unha delimitación mais homoxénea e sen restos residuais de difícil aproveitamento.

A nova delimitación non produce un incremento da intensidade de uso, todo o contrario, redúcese o aproveitamento urbanístico da parcela, pois incrementase a superficie da cualificación con menos intensidade de uso.

En consecuencia, procede estimar a alegación formulada e redelimitar na parcela os espazos cualificados coas ordenanzas nº 2 e 4 consonte o solicitado.

15.- Alegación formulada por D^a Ana M^a Piñeiro Agúin (registro de entrada nº 6.248).

Na alegación formulada se solicita a ampliación do núcleo rural de Pontes ata o límite das parcelas catastrais propiedade da dicente, incluíndo a total superficie das parcelas da súa titularidade na delimitación do núcleo rural.

Non é obxecto da Modificación puntual nº 6 en tramitación a modificación da clasificación do solo. Unha modificación co alcance solicitado obrigaría, entre outros aspectos, a revisar as previsións de solo urbanizable e o cómputo global de espazos libres e dotacións públicas. Ademais, no caso dos núcleos rurais, unha eventual ampliación debe facerse en función das previsións de crecemento que o plan establece, xustificando a capacidade residencial e a previsión de demanda de vivenda (artigo 23.3.b) da LSG).

No concreto caso do núcleo de As Pontes, pode observarse que a súa delimitación no ano 2003 non se fixo sobre a base da distribución da propiedade nin do parcelario catastral, se non que coincide practicamente co límite das edificacións existentes. As argumentacións esgrimidas na alegación formulada no senso de levar o núcleo ata o límite do parcelario catastral probablemente poderían facerse extensivas a meirande parte das parcelas no núcleo de As Pontes e ao resto dos núcleos rurais delimitados no PXOM sen que, como se expuxo, constituía o obxecto da Modificación puntual nº 6 en tramitación.

No caso do núcleo rural de Aios, a redelimitación proxectada inclúe unha franxa estreita que forma parte de varias parcelas xa incluídas no núcleo e que non implica o incremento das parcelas edificables xa existentes. Este suposto non é equiparable á situación dos inmobles obxecto da alegación, na que se solicita a clasificación como solo de núcleo rural de aproximadamente 900 m² de superficie, co conseguinte aumento do número de parcelas edificables e a correlativa necesidade de incremento de estándares urbanísticos; nótese ademais que, no caso de aios, as parcelas dan fronte a un viario principal mentres que no caso de As Pontes se trata de dúas parcelas con fronte a un camiño certamente secundario.

No tocante á discordancia entre a delimitación do núcleo entre os planos a escala 1/5000 e 1/2000, efectivamente existente, estarase ao disposto na normativa do PXOM (apartado 1.2), primando o plano de escala de maior detalle, neste suposto, o plano 7.16.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada.

16.- Alegación formulada por D. Juan Rea Méndez (registro de entrada nº 6.296).

Na alegación formulada se solicita a prolongación dun vial existente na zona de A Granxa, coa finalidade de que a parcela da súa propiedade clasificada como solo urbano consolidado, ordenanza 8, dea fronte á vía pública.

Unha das modificacións contempladas na Modificación Puntual nº 6 é a prolongación dun vial existente na zona de Noalla, A Lanzada, coa finalidade de que unha parcela, clasificada como solo urbano consolidado, teña fronte e acceso a través de vía pública.

Tal e como indica o alegante, a parcela da súa propiedade – e, no mesmo senso, o resto das parcelas sitas no mesmo ámbito – atópase clasificada como solo urbano consolidado mais, sen embargo, carece de acceso e fronte a vial público; entre outras razóns, como consecuencia da desafectación do vial situado por riba das mesmas no Plan Parcial do SU 1.

A solicitude formulada responde ao contido e finalidade da Modificación Puntual nº 6 en tramitación, pois coa prolongación do vial existente trátase de dar acceso a diversas parcelas que, malia a súa clasificación como solo urbano consolidado, non dan fronte nin teñen acceso á vía pública.

En consecuencia, procede estimar a alegación formulada e prolongar o vial existente en solo urbano consolidado na zona de Granxa.

17.- Alegación formulada por D. Salvador Rocafort Morales (rexistro de entrada nº 10.965).

Na alegación formulada se solicita a supresión de dous viais, un que atravesa a parcela e outro que discorre polo linde leste da súa propiedade, na zona de Canelas, ou, alternativamente, se desprace o seu trazado cara o leste do ámbito.

Examinado o escrito presentado, estímase que o vial que percorre polo interior da parcela propiedade dos alegantes identificado no seu escrito como Tramo Este-Oeste, ten en efecto unha pendente moi superior á pendente máxima requirida na actualidade pola normativa técnica para os itinerarios peonís (6%) e para o acceso rodado (recomendable un 10%), cuns radios de xiro impracticables para o dobre sentido da circulación. Así mesmo, o forte desnivel do terreo obrigaría a realizar grandes muros de contención, co conseguinte deterioro da paisaxe nun solo clasificado como rústico de protección de costas, dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e cualificado con protección costeira consonte ao POL.

Polas razóns expostas, procede estimar a petición formulada de supresión do vial identificado como Tramo Este-Oeste, tendo en consideración que a parcela clasificada como solo urbano quedaría con fronte e acceso por sistema viario público (rúa Punta Seame).

No tocante á supresión do vial identificado como Tramo Norte-Sur, non pode estimarse a súa supresión, xa que a zona verde ZV-24B quedaría sen acceso viario municipal. Dito acceso non pode realizarse mediante a prolongación do vial situado ao Oeste da parcela (identificado como rúa Punta Seame), pois implicaría a creación *ex novo* dun vial en solo rústico de protección de costas, dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e en zona de protección costeira do POL, que dificilmente obtería o informe favorable das correspondentes Administracións sectoriais. Doutra banda, un cambio como o solicitado podería implicar unha modificación substancial da versión do plan aprobada inicialmente, non sendo por conseguinte oportuna a súa introdución no momento actual salvo que se proceda a solicitar a emisión de novos informes sectoriais.

En consecuencia, procede estimar parcialmente a alegación formulada, no senso de eliminar o trazado do vial identificado como Tramo Este-Oeste, mantendo sen embargo o vial de acceso á zona verde ZV-24B.

18.- Alegación formulada por D. Julio Eduardo de Rojas Palacios (rexistro de entrada nº 11.292).

Na alegación formulada se solicita a supresión dun vial que chega e atravesa a finca da súa propiedade, na zona de Palacios, Padriñán, vial que se considera innecesario por canto, segundo se indica, todas as parcelas do ámbito teñen acceso rodado e servizos polos viais xa existentes, debendo respectarse a propiedade privada.

O artigo 16 da LSG e, en similar senso, a normativa vixente ao momento de aprobarse o PXOM de Sanxenxo, definen o solo urbano como aquel que conta con *acceso rodado público* e cos servizos urbanísticos prestados mediante as correspondentes *redes públicas*, coas características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

A parcela propiedade do alegante atópase clasificada no PXOM como solo urbano consolidado, cualificado con ordenanza 8, polo que non pode eliminarse o vial contemplado no PXOM vixente consonte á definición de solo urbano anteriormente citada. De suprimirse, a parcela non daría fronte a sistema viario público e non podería contar con servizos urbanísticos prestados mediante redes públicas, que discorren polo viario municipal.

Non obstante o anterior, é certo e verdade que as aliñacións do vial en cuestión son excesivas para un vial das características do contemplado, que da acceso a propiedades particulares e non ten saída nin continuidade no sistema viario, similar a outros sistemas viarios municipais nos que se prevé un ancho de 8 metros. Doutra banda, o vial debe chegar simplemente ao fronte da parcela e non entrar nela ata o límite das construcións auxiliares existentes, polo que procede reducir o largo do vial ata o fronte da parcela propiedade de D. Julio Eduardo de Rojas Palacios.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada, no senso de que non procede eliminar o vial solicitado. Non obstante, cabe fixar as aliñacións en 8 metros e facer coincidir a extensión do vial ata o fronte da parcela propiedade de D. Julio Eduardo de Rojas Palacios.

19.- Alegación formulada por Negocios e Logística del Noroeste, S.L. (registro de entrada nº 11.294).

Na alegación formulada se solicita a posibilidade de contemplar o uso asistencial como uso compatible ou tolerado en tódalas ordenanzas do PXOM.

O PXOM define o uso asistencial no seu apartado 4.1.3, relativo aos tipos de usos nos solos urbanos, urbanizables e de núcleo rural e, con carácter mais específico, no apartado 4.1.12, relativo ao uso asistencial, mais a continuación ningunha das ordenanzas en solo urbano contemplan esta posibilidade, nin tan sequera a ordenanza nº 11, destinada a equipamentos. Soamente nas fichas correspondentes ao SU 13 e SU 14 se contempla expresamente esta posibilidade.

O uso asistencial é certamente un uso que cada vez conta con mais demanda tanto no eido urbano como no entorno rural, sendo compatible e complementario do residencial, polo que estímase procedente introducir dita posibilidade agás nas ordenanzas propias do uso industrial (ordenanza nº 6) e hoteleiro ou comercial en edificio illado (ordenanza nº 9), por considerarse un uso inapropiado ou incompatible con estas cualificacións urbanísticas.

Non obstante, no caso das ordenanzas nº 8 e 12 resulta conveniente establecer uns concretos parámetros urbanísticos que regulen a implantación das edificacións consonte o obxecto e ás características propias de cada unha delas.

En consecuencia, procede estimar a alegación formulada, no senso de contemplar o uso asistencial como uso tolerado naquelas ordenanzas reguladoras do solo urbano cuxo uso principal resulte compatible co asistencial.

20.- Alegación formulada por Dª Mª del Carmen Hornung (registro de entrada nº 11.399).

Na alegación formulada se solicita a supresión dun vial que atravesa a finca da súa propiedade, na zona de Palacios, Padriñán, vial que se considera innecesario por canto, segundo se indica, todas as parcelas do ámbito teñen acceso rodado e servizos polos viais xa existentes, debendo respectarse a propiedade privada.

O artigo 16 da LSG e, en similar senso, a normativa vixente ao momento de aprobarse o PXOM de Sanxenxo, definen o solo urbano como aquel que conta con *acceso rodado público* e cos servizos urbanísticos prestados mediante as correspondentes *redes públicas*, coas características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

A parcela propiedade da alegante atópase clasificada no PXOM como solo urbano consolidado, cualificado con ordenanza 8, polo que non pode suprimirse o vial contemplado no PXOM vixente consonte á definición de solo urbano anteriormente citada. De suprimirse, a parcela non daría fronte a sistema viario público e non podería contar con servizos urbanísticos prestados mediante redes públicas, que discorren polo viario municipal.

Non obstante o anterior, é certo e verdade que as aliñacións do vial en cuestión son excesivas para un vial das características do contemplado, que dá acceso a propiedades particulares e non ten saída nin continuidade no sistema viario, similar a outros sistemas viarios municipais nos que se prevé un ancho de 8 metros.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada, no senso de que non procede eliminar o vial solicitado. Non obstante, cabe fixar as aliñacións en 8 metros, anchura que se considera máis adecuada para un vial como o contemplado, similar á doutros viais municipais das mesmas características.

21.- Alegación formulada por Dª Mª Luísa Martínez Torres (registro de entrada nº 11.816).

Na alegación formulada se solicita o sinalamento expreso de aliñacións nun vial sito na zona de Montalvo, acorde coas características do mesmo, por canto segundo se alega o ancho de 12 metros – resultado de aplicar a aliñación implícita da ordenanza 8 – resulta desproporcionado á vista das características do vial en cuestión e da zona na que se atopa.

Tal e como se indica na alegación presentada, as aliñacións aplicables ao vial lindeiro coa súa propiedade serían as aliñacións previstas na ordenanza nº 8 para aqueles viais que non teñen sinaladas aliñacións de modo expreso, isto é, 6 metros ao eixe da vía, cunha anchura total de 12 metros.

Dita anchura é excesiva para un vial das características do contemplado, que dá acceso a propiedades particulares e non ten saída nin continuidade no sistema viario, similar a outros sistemas viarios municipais nos que se prevé un ancho de 8 metros.

En consecuencia, procede estimar a alegación formulada e fixar unhas aliñacións adecuadas para un vial como o contemplado, similar á doutros viais municipais das mesmas características (8 metros).

22.- Alegación formulada por Dª Mª del Carmen, D. José Luís, Dª Mª Paz Leirós de la Peña e Dª Beatriz Alonso de Velasco Esteban (registro de entrada nº 11.896).

Na alegación formulada se solicita a supresión dun vial que atravesa as fincas da súa propiedade, na zona de Palacios, Padriñán, vial que se considera innecesario por canto, segundo se indica, todas as parcelas do ámbito teñen acceso rodado e servizos polos viais xa existentes, debendo respectarse a propiedade privada.

O artigo 16 da LSG e, en similar senso, a normativa vixente ao momento de aprobarse o PXOM de Sanxenxo, definen o solo urbano como aquel que conta con *acceso rodado público* e cos servizos urbanísticos prestados mediante as correspondentes *redes públicas*, coas características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

A parcela propiedade dos alegantes atópase clasificada no PXOM como solo urbano consolidado, cualificado con ordenanza 8, polo que non pode suprimirse o vial contemplado no PXOM vixente consonte á definición de solo urbano anteriormente citada. De suprimirse, a parcela non daría fronte a sistema viario público e non podería contar con servizos urbanísticos prestados mediante redes públicas, que discorren polo viario municipal.

Non obstante o anterior, é certo e verdade que as aliñacións do vial en cuestión son excesivas para un vial das características do contemplado, que dá acceso a propiedades particulares e non ten saída, similar a outros sistemas viarios municipais nos que se prevé un ancho de 8 metros.

En consecuencia, procede desestimar a alegación formulada, no senso de que non procede eliminar o vial solicitado. Non obstante, cabe fixar as aliñacións en 8 metros, anchura que se considera máis adecuada para un vial como o contemplado, similar á doutros viais municipais das mesmas características.

B.2. Modificacións introducidas de oficio polo Concello de Sanxenxo:

Na elaboración da proposta do plan para a aprobación provisional, os técnicos que subscriben detectaron unha serie de erros e lagoas no texto da normativa urbanística do PXOM, similares ou da mesma índole que os contemplados no documento aprobado inicialmente e que é necesario introducir.

Estas correccións responden a unha das finalidades e obxectivos da Modificación puntual nº 6, concretamente, á recollida no seu punto 5.8 e 6.8, adicada á establecer unha mellor e máis precisa regulación de certos usos e edificacións.

Tales modificacións, introducidas de oficio polos redactores do plan sobre o documento aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación municipal e recollidas no documento que se somete a aprobación provisional, consisten:

- Especificar que o aseo nos locais comerciais de superficie inferior a 100 m², está destinado a uso exclusivo do persoal.
- Contemplar o uso de garaxe – aparcamento, categoría 1ª, grao 2, como un uso compatible en todas as ordenanzas nas que se permita o citado uso na súa categoría 1ª, graos 1 e 3.
- Corrixir un erro material de redacción na regulación do uso educativo - cultural, categoría 3ª, e contemplar a categoría 2ª como uso compatible en todas as ordenanzas nas que se permita o citado uso educativo - cultural, nas categorías 1ª e 3ª.
- Suprimir a equívoca referencia aos restaurantes nas categorías 1ª, 2ª e 3ª da regulación do uso de locais de ocio, mantendo a súa inclusión na categoría 4ª.
- Regular o réxime aplicable ás edificacións en fora de ordenación consonte a normativa urbanística estatal e galega vixente na materia.

Xunto con tales modificacións, relativas ao texto das ordenanzas do PXOM, recóllese tamén na cartografía a modificación do trazado dun vial municipal na zona de Barreiros (Dorrón); refléxase o tramo final dun vial existente na zona de Nantes Contumil; así como a ampliación do trazado das estradas PO-550 e EP-9208 e a rotonda executada na súa intersección, que non se reflectían nos planos aprobados inicialmente pese a responder aos obxectivos e finalidades recollidas nos puntos 5.2 e 5.4, e 6.2 e 6.4.

B.3. Informes emitidos durante o período de exposición pública:

Trala aprobación inicial da Modificación puntual nº 6 polo Pleno da Corporación municipal, o expediente foi sometido a exposición pública e remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, solicitándose polo Concello de Sanxenxo os demais informes sectoriais que resultaban pertinentes.

Durante este período de consultas, emitíronse os seguintes informes:

- Informe do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital do 5 de maio de 2017, **favorable** á Modificación Puntual en tramitación.
- Informe do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente do 5 de xullo de 2017. No citado informe, a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar realiza unha serie de **observacións e suxerencias ao documento remitido**, estimando conveniente a súa incorporación ao documento que se aprobe definitivamente. Tales consideracións versan sobre (i) a incorporación aos planos de ordenación da ribeira do mar naqueles tramos nos que non é coincidente coa liña do deslinde, das servidumes de tránsito e de acceso ao mar; (ii) a errónea transposición da liña da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre nalgúns tramos de costa; (iii) a aplicación, en todo caso, da normativa de costas aos terreos de dominio público e

servidume de protección, con independencia doutras clasificacións concorrentes e da normativa municipal reguladora das distintas clases de usos.

Respecto de tales consideracións é preciso indicar que a corrección das liñas e servidumes indicadas excede do obxecto da Modificación puntual en tramitación, de aí que a cartografía que se modifica manteña, sen embargo neste punto, as delimitacións contidas no PXOM vixente, informado favorablemente polo organismo competente en materia de costas.

En calquera caso, como indica o propio informe da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, no suposto de que actualmente exista algún desaxuste na representación das citadas liñas, prevalecerán os datos dos planos de deslinde sobre os reflectidos no planeamento, sen prexuízo da conveniencia de incorporar ao planeamento municipal as consideracións indicadas no seo do procedemento que ao efecto debe tramitarse.

No tocante ao resto de consideracións do informe, ningunha observación que realizar, pois a aplicación do planeamento e da normativa urbanística municipal é compatible e se entende sen prexuízo da aplicación da normativa reguladora en materia de costas, en todo caso de aplicación.

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 23 de maio de 2017, no que **non se formulan obxeccións á Modificación puntual remitida.**
- Informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior do 18 de maio de 2017, no que se indica que **non é preciso** someter a Modificación puntual a **informe da Comisión Galega de Protección Civil.**
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 24 de xullo de 2017, no que **non se formulan obxeccións á Modificación puntual remitida.**
- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas do 11 de agosto de 2017, **favorable á aprobación** da Modificación puntual nº 6 en tramitación.

No citado informe se recomenda, non obstante, incorporar á cartografía do plan os puntos de conexión xa executados entre a vía rápida do Salnés e a PO-550. Ditas conexións apenas modifican o trazado das interxeccións xa reflectidas na cartografía nin afectan ao solo colindante, polo que non se modificou a planimetría do PXOM neste punto, sen prexuízo da oportunidade de seguir a recomendación da AXI no momento oportuno.

- Informe da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 6 de xuño de 2017, no que **simplemente se indica que**, consultados os arquivos dos Dereitos Mineiros existentes, na zona de Vilalonga **existe un dereito mineiro** a nome de Refractarios Campo, S.L.

Co citado informe dáse traslado do escrito de alegacións presentadas polo titular do dereito mineiro, no que se pon de manifesto que a concesión mineira foi no seu día outorgada “superando tódolos trámites necesarios, incluídos os medio ambientais”, o que lle permite realizar os traballos contemplados nos Plans de Labores Anuais.

En realidade, o escrito presentado non formula ningunha obxección específica nin unha tacha de ilegalidade á clasificación como solo rústico de protección de espazos naturais, se non á delimitación da Rede Natura 2000 e ás consecuencias que de dita declaración se derivan para o seu dereito mineiro.

Polo demais, as modificacións contempladas na cartografía da Modificación Puntual en tramitación respecto da delimitación da ZEC Complexo Ons – O Grove, da Rede Natura 2000, ás que alude o alegante, foron incorporadas a requirimento do órgano ambiental durante o trámite de avaliación ambiental estratéxica.

- Informe do Concello de O Grove do 19 de maio de 2017, no que se indica que a Modificación puntual nº 6 **non incide no termo municipal de O Grove**, polo que non se formula consideración algunha.
- Informe do Concello de Poio do 2 de xuño de 2017, no que **non se formula obxección** algunha á Modificación puntual n 6 xa que **non afecta ao límite co Concello de Poio.**

Pese á remisión do documento de planeamento en tramitación, non emitiron e notificaron en prazo o seu informe as seguintes Administracións:

- Deputación de Pontevedra.
- Subdelegación do Goberno de Pontevedra.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.
- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
- Augas de Galicia.
- Concello de Meaño.

Non obstante, rematado o prazo previsto para a súa emisión no artigo 60.7 da LSG e na normativa sectorial aplicable na materia, deben entenderse emitidos con carácter favorable e procede continuar o procedemento.

B.4. Integridade documental do expediente, actuacións realizadas e conformidade da proposta do plan coalexislación vixente.

Sinala o artigo 60.13 da LSG que, previo informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas e a conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes.

A proposta do plan elaborada polos servizos xurídicos e técnicos municipais e sometida a aprobación provisional limitase a incorporar á versión do plan aprobada inicialmente o resultado das alegacións estimadas e unha serie de modificacións moi concretas no texto da normativa do PXOM, referidas e detalladas ao longo do presente informe.

Ditas modificacións non significan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pois non implican nin a adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo, nin da estrutura xeral e orgánica do territorio. Ao contrario, as modificacións introducidas na versión inicial do plan son cambios moi puntuais de trazados do sistema viario, da anchura das aliñacións e da regulación dos diferentes tipos de usos na normativa municipal, e todos eles responden ao contido, obxectivos e finalidade da Modificación puntual nº 6.

Por todo elo, non se estima precisa a apertura dun novo trámite de información pública, remitíndonos en canto á conformidade do plan coa lexislación vixente aos informes técnico e xurídico previos á aprobación inicial.

En canto á integridade documental do expediente e ás actuacións administrativas realizadas, segundo se indicou no apartado de Antecedentes, trala aprobación inicial da Modificación puntual nº 6:

(i)O documento foi sometido a información pública durante un prazo de dous meses. Non obstante, finalizado o prazo de información pública presentáronse algunhas alegacións, que foron debidamente atendidas ata o día da data ao abeiro dos artigos 71 e 76 da Lei 39/2015, do 1 do outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

(ii)O expediente foi remitido ao órgano competente en materia de urbanismo, quen con data do 4 de outubro de 2017 remitiu ao Concello de Sanxenxo o resultado das consultas realizadas.

(iii)O Concello solicitou os restantes informes sectoriais preceptivos consonte á normativa correspondente, debidamente atendidos ou emitidos por silencio administrativo con carácter favorable

(iv)Mediante Resolución de data 17 de outubro de 2016 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental acordou non someter a Modificación puntual nº 6 do PXOM de Sanxenxo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, polo que non é preciso remitir a proposta do plan, novamente, ao órgano ambiental (artigo 60, apartados 9, 10, 11, 12 da LSG).

Á vista do anterior, **informamos favorablemente a aprobación provisional da Modificación Puntual nº 6 do PXOM de Sanxenxo.**

No caso de que o Pleno da Corporación municipal acorde a aprobación provisional, o expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellería competente en materia de urbanismo aos efectos da súa aprobación definitiva (artigo 60.13 da LSG). En Sanxenxo, a 20 de novembro de 2017.””

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que se trata dunha modificación “variopinta” que inflúe nos terreos afectados pola Rede Natura, que afecta a planos de viais trazados e á anchura dos mesmos, que elimina algún trazado en determinados solos, por petición de titulares, que afecta a determinadas aliñacións, que reordena unha zona verde a carón do campo de fútbol de Vilalonga mellorando a mesma, que cambia a cualificación de parcelas en solo urbano consolidado, aclarando a situación de determinadas parcelas afectadas polas ordenanzas 8 ou 9 neste tipo de solo, esta última de “uso hoteleiro”, e incluso algunha outra na que se dubidaba logo da súa inclusión por estar grafiada unha parte en cada unha delas. Engadiu que se concretan regulacións para locais comerciais, de ocio, culturais, etc ... ,como a altura do teito dos locais, se debe haber un ou dous aseos, a aplicación do código técnico, e tamén dixo que se incorpora unha delimitación dun núcleo en Aios. Rematou dicindo que foron estimadas certas alegacións sobre peticións de servizos viarios e logo de que se concretasen nas alegacións examinadas.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, lamentou que se tiveran que corrixir erros no PXOM que puideron prexudicar a particulares pero que chegado a este punto haberá que solucionar os mesmos.

Á **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, parecéronlle ben as correccións pois ata o de agora xerábase indefensión e sempre é bo clarificar temas controvertidos.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que se hai cousas mal feitas hai que corrixilas, melloralas, “e punto”.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que estabamos ante unha aprobación provisoria, que queda a expensas da valoración da Xunta. Rematou dicindo que o seu grupo vaise abster en espera do criterio definitivo da administración autonómica que deberá decidir sobre os informes dos técnicos e as alegacións presentadas.

A **Sra. Deza Martínez** manifestou que tal e como comentou na comisión informativa agora hai catro posibilidades en canto ao que pode facer a Xunta: aprobación definitiva sen máis, non outorgamento da aprobación definitiva, aprobación definitiva reparando as deficiencias que presenta o documento, e aprobación parcial do documento e se poida aplicar con certa coherencia. Indicou que fíxose un traballo para aclarar inconcrecións e mellorar a aplicación do PXOM onde había problemas xurídicos que resolver. Tamén dixo que incorporáronse, para esta aprobación provisional, as disposicións normativas en materia de usos, a normativa de accesibilidade e o réxime de edificacións de fóra de ordenación, explicando as novidades neste ultimo que introduce a Lei do Solo de Galicia de 2016. Rematou dicindo que agora xa non hai distinción entre as construcións fóra de ordenación total ou fóra de ordenación parcial, explicando que as primeiras considéranse como de fóra de ordenación a secas, mentres que as segundas son definidas como situacións que non son compatibles co planeamento, recalcando que estas ultimas deben ser recollidas nas previsións do PXOM con aclaracións de certas obras de ampliación das edificacións para conceder licenzas.

Tras unhas breves intervencións do **Sr. Otero Domínguez** e da **Sra. Deza Martínez** nas que coincidiron nas opinións sobre as edificacións fóra de ordenación anteriores ao PXOM (construcións en parcelas de máis de 2.000 metros en zonas rústicas) e as máis recentes, e as súas consecuencias, pasouse á votación.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 03 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, a **proposta de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: desestimar as alegacións presentadas no expediente de Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo por D. Marcelino Domínguez Torres, D. Manuel Barbeito Fernández, D. Antonio Outón García, D. Gonzalo Touriño Gómez, D^a M^a del Carmen Martínez Piñeiro, D^a M^a Jesús García Maquieira, D. José Touriño Camiña, D. Manuel Vázquez Otero, D^a Ana M^a Piñeiro Aguín, D. Julio Eduardo de Rojas Palacios, D^a M^a del Carmen Hornung, D^a M^a del Carmen, D. José Luís, D^a M^a Paz Leirós de la Peña e D^a Beatriz Alonso de Velasco Esteban; **estimar parcialmente as alegacións** presentadas por D. Jaime Rodiño Magdalena e D. Salvador Rocafort Morales; e **estimar as alegacións** presentadas por D^a Digna M^a Chacón Varela, D^a M^a Luisa Otero Berreco, D. Antonio Besada Blanco, D. José Manuel Casal Barreiro, D. Juan Rea Méndez, Negocios e Logística del Noroeste, S.L. e D^a M^a Luísa Martínez Torres; en base ás consideracións citadas no informe técnico e xurídico municipal de data 20 de novembro de 2017, que se notificará aos alegantes xunto con este acordo.

SEGUNDO: prestar aprobación provisional á Modificación Puntual nº 6 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo, contida no documento asinado o 20 de novembro de 2017 por D^a M^a Asunción Lorenzo Outón, D. José Manuel Rey Rial e D. Rafael Vázquez Abal.

TERCEIRO: remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, aos efectos da súa aprobación definitiva.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02 DE NOVEMBRO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 11.912) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 31/10/17 REMITIUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O INFORME CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017 DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 2 de novembro de 2017, rexistrado de entrada co número 11.912, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao terceiro trimestre de 2017, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 31.10.17, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 2 de novembro de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 93 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 93, tendo os números 1, 2, 3, 4, 6, 7, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92 e 93 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02 DE NOVEMBRO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 11.914) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 02 de novembro de 2017, rexistrado de entrada co número 11.914, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 4º trimestre de 2016, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrase a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 2º trimestre de 2017 e o 3º trimestre de 2017 é a seguinte

2º trim 17	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	19,15	40,87	11,86	13,75	0,00
PMPP	8,73	50,94	3,21	1,00	151,5

3º trim 17	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	19,50	31,39	9,22	9,99	0,00
PMPP	20,28	18,76	0,71	0,00	243,50

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 2 de novembro de 2017”.

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTR E	3	AÑO	2017
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	29,80		25,00	9.621,28	65,00	35.641,69
Art. 21	13,17		63,00	109.808,70	5,00	10.862,51
Art. 22	20,05		504,00	905.435,60	232,00	107.243,25
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	17,54		22,00	93.813,43	4,00	36.225,59
				1.118.679,01		189.973,04
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	11,00		20,00	5.808,06		
Art. 21						

Art. 22	21,84		138,00	34.363,25	1,00	296,01
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				40.171,31		296,01
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimient o PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

O.A. "TERRA DE SANXENXO".

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2017
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	17,70		5,00	5.411,66	1,00	1.481,22
Art. 21	37,49		11,00	1.757,91	19,00	10.740,86
Art. 22	31,48		119,00	250.159,57	82,00	94.851,80
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	28,18		14,00	2.215,75	7,00	2.606,05
				259.544,89		109.679,93
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						

							0,00
TERRA			Pendiente de pago				
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total	
Art. 20	24,32		3,00	2.449,22	1,00	1.331,00	
Art. 21	17,41		14,00	14.569,64	1,00	524,51	
Art. 22	18,74		35,00	189.386,87	5,00	25.910,55	
Art. 23							
Art. 24							
Art. 26							
Art. 27							
2 sin desagregar							
Cap. 6	20,98		1,00	141,65	1,00	14,00	
				206.547,38		27.780,06	
TERRA			Pendiente de reconocimiento				
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total			
Cap. 2							
Cap. 6							
				0,00			

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2017
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	8,01		139,00	409.249,54	3,00	751,81
Inmovilizado (2)	18,46		9,00	53.615,72		
Sin desagregar						
Total				462.865,26		751,81

	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	2,70		12,00	4.053,13		
Inmovilizado (2)	0,00		1,00	11.392,48		
Sin desagregar						
Total				15.445,61		0,00

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	3	AÑO	2017		
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	9,99		10,00	44.889,62		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				44.889,62		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	3	AÑO	2017	
TURISMO		Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	0,00		5,00	759,59		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				759,59		0,00
		Intereses demora pagados en el período				
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO		Pendiente de pago				
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	243,50				2,00	848,92
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		848,92

Adxunto a este escrito figuran 22 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 22, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 13, 15, 17, 19 e 21 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02 DE NOVEMBRO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 11.915) ACHEGANDO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 3º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 02 de novembro de 2017, rexistrado de entrada co número 11.915, que a continuación se transcribe literalmente:

“ Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao terceiro trimestre de 2017, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 2 de novembro de 2017”.

Adxunto a este escrito figuran 66 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 66, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 22, 24, 25, 28, 36, 37, 41, 43, 44, 46, 48, 49, 51, 54 e 60 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02 DE NOVEMBRO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 11.916) COMUNICANDO QUE SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS, POR VÍA TELEMÁTICA, O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS CONTEMPLADAS NO ARTIGO 116 TER, DA LEI 7/1985, REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL, INTRODUCIDO POLA LEI 27/2013, DE 27 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, EN RELACIÓN CO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS REFERIDOS AO EXERCIZO DE 2016. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 2 de novembro de 2017, rexistrado de entrada co número 11.916, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 31.10.17 remitiuse ao Ministerio de facenda e administracións públicas, vía telemática, a información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas no artigo 116 ter, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, en relación co custe efectivo dos servizos referidos ao exercicio de 2016. Sanxenxo, 2 de novembro de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 46 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 46, tendo os números 2, 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 44, 45 e 46 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02 DE NOVEMBRO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 11.917) MEDIANTE O QUE ACHEGA XUSTIFICANTE DO ENVÍO TELEMÁTICO CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ANO 2016, CON TODOS OS DOCUMENTOS ANEXOS, RELATIVO ÁS SOCIEDADES MERCANTÍS “NAUTA SANXENXO, S.L.”, “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.” E “TURISMO DE SANXENXO”. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 2 de novembro de 2017, rexistrado de entrada co número 11.917, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remíttolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2016, con todos os documentos anexos, relativo ás sociedades mercantís Nauta Sanxenxo, S.L., Insula Sanxenxo, S.L. e Turismo de Sanxenxo, S.L. para a súa elevación perante o Pleno da Corporación. Sanxenxo, 2 de novembro de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 39 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 39, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 22, 28, 29, 30, 31, 32, 33 e 35 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 02 DE NOVEMBRO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 11.918) MEDIANTE O QUE SE INDICA QUE CON DATA DO 31/10/17 REMITIUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES NO 3º TRIMESTRE DE 2017. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 02 de novembro de 2017, rexistrado de entrada co número 11.918, que a continuación se transcribe literalmente:

“”De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 31.10.17, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, referido ao terceiro trimestre, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais.Sanxenxo, 2 de novembro de 2017”.

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3, tendo o número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 28 DE AGOSTO AO 31 DE OUTUBRO DE 2017 (DE RES. Nº 1732/17 A RES Nº 2254/17). O Sr. **Presidente** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 28 de agosto ao 31 de outubro de 2017**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. GONZÁLEZ-HABA PÉREZ, SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO (R. DE ENTRADA Nº 12.715 DO 27/11/17) A Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura a moción que literalmente di:

““El grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo, a través de su portavoz María del Coral González-Haba Pérez y al amparo del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, presenta ante al Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

MOCIÓN

Un año más, con motivo del Día Internacional contra la Violencia de Género, desde el Grupo Socialista queremos manifestar nuestro más firme compromiso con las mujeres víctimas de la violencia de género. Un compromiso activo día a día, porque para erradicar la violencia se requiere el compromiso individual y colectivo durante todos los días del año.

La lucha contra la violencia que se ejerce hacia las mujeres, debe ser una prioridad que nos obliga a toda la sociedad en su conjunto. Una obligación que le corresponde en primera instancia a los gobiernos y administraciones en el marco de sus correspondientes competencias.

La violencia de género hunde sus raíces en la histórica desigualdad que han tenido y aún siguen teniendo las mujeres, como consecuencia del patriarcado existente en nuestras sociedades, por ello es fundamental abordar su erradicación desde las políticas de igualdad, desde el feminismo, para favorecer una cultura de la igualdad frente a una cultura de la sumisión.

En nuestro país disponemos de un marco legislativo a través de la Ley Orgánica de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, también de leyes autonómicas en la mayoría de las Comunidades Autónomas y recientemente ha sido aprobado por el Congreso de los Diputados el Pacto de Estado Contra la Violencia de Género.

Para contribuir a erradicar la violencia de género se precisan medidas políticas e institucionales desde los diferentes ámbitos que aborden el problema de manera integral y sean capaces de dar respuesta a las necesidades específicas de las mujeres víctimas y a las de sus hijas e hijos.

No se podrá avanzar en la erradicación de la violencia y en la atención específica a las mujeres, si no se establecen los mecanismos de coordinación necesarios entre las diferentes administraciones e instituciones con responsabilidad en la materia, pero tampoco se podrá seguir avanzando si no se dotan a las distintas administraciones de los recursos económicos y de personal especializado adecuados.

En la respuesta integral, las administraciones locales son una pieza clave y juegan un papel fundamental. Los Ayuntamientos por su propia definición como institución más próxima a la ciudadanía y a las necesidades sociales, suponen el primer estamento en la prevención así como en la atención a través de información, asesoramiento, protección y acompañamiento a las mujeres víctimas y a sus hijas e hijos.

Es imprescindible dotar de nuevo a los Ayuntamientos de sus competencias en materia de igualdad. Es necesario e imprescindible contar con las estructuras municipales y su implicación en la lucha contra la violencia de género, y para ello es fundamental dotarles de recursos adecuados.

En este sentido, conviene señalar lo aprobado en el PACTO DE ESTADO CONTRA LA VIOLENCIA, con respecto a los Ayuntamientos y a la función que deben desempeñar.

Por todo esto, el **PSdeG-PSOE** solicita al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente **ACUERDO**:

1.- Instar al Gobierno de España, a que inicie los trámites para las modificaciones legislativas necesarias, al objeto de devolución de las competencias a las entidades locales en el ejercicio de las políticas de igualdad y contra la violencia de género.

2.- Instar al Gobierno de España, el cumplimiento del compromiso económico acordado en el PACTO DE ESTADO CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO, al objeto de destinar vía transferencia a los Ayuntamientos, un incremento anual de 20 millones de euros durante los próximos 5 ejercicios, para el desarrollo de las medidas correspondientes contempladas en dicho Pacto.

3.- Dar traslado de la Moción y su aprobación al Presidente del Gobierno, la Ministra de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, al Ministro de Hacienda y Función Pública, así como al Presidente de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP). En Sanxenxo, 27 de Noviembre de 2017.””

Rematada a lectura a **concelleira do grupo mixto** defendeu a urxencia da moción dicindo que desgraciadamente é doado facelo nestes intres onde se dan casos de violencia de xénero de todo tipo nas diferentes casuísticas (maltrato sexual ou psicolóxico, palizas ...).

A continuación o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. González-Haba Pérez**, afirmou que xa levamos 45 mulleres mortas neste ano e que o problema está tamén xeralizado entre a xente xove. Lembrou aos 8 nenos asasinados que tamén son vítimas desta lacra e sucesos actuais, como o de a “manada” en Pamplona, que están a causar conmoción na opinión pública.

Rematou a súa intervención dicíndolle á concelleira popular, Sra. Freire Fernández, que os actos organizados en Sanxenxo para lembrar o día contra a violencia de xénero deberon ter lugar o propio sábado, para que houbera máis asistentes, aínda que opinou que máis que discursos o que fan falta son feitos porque os concellos, como a administración máis próxima, deben dar cobizo ás mulleres afectadas.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que este é un problema que ven de lonxe con mulleres metidas nun pozo ás que hai que axudar. Salientou que agora hai novas formas de violencia de xénero, como son os acosos nas redes sociais, na internet, n mensaxería instantánea...etc. Rematou dicindo que lle parece ben a suxerencia de que o concello poña todo o posible da súa parte para solucionar esta problemática.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestou que estamos ante unha lacra “de terrorismo machista” con máis de mil vítimas nos derradeiros anos provocadas ás mulleres por parellas ou ex parellas. Indicou que evolucionou o método das agresións pero os datos non melloran e que hai que seguir apostando pola educación igualitaria pois senón a superioridade que detectan os nenos inflúe despois cando sexan adolescentes, xoves ou maiores. Rematou dicindo que os concellos deben contar con máis diñeiro para mellorar a situación pois senón estamos a facer un “brindis ao sol” e que hai que sinalar aos maltratadores, para que estean incómodos na sociedade.

A Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que está de acordo coa Sra. Fernández Agraso porque a violencia machista afecta a mulleres de calquera condición, idade, relixión, etnia, etc. e que hai que ir todos xuntos nas propostas como se fixo hoxe no acto central que tivo lugar na sala de Nauta e na Praza dos Barcos. Lamentou que non estivera nos actos a concelleira do Grupo Mixto, Sra. González-Haba Pérez, pois alí leuse un manifesto, houbo un vídeo dun artista local, houbo un lazo humano lembrando ás 45 mulleres vítimas e globos lembrando aos 8 nenos mortos. Alabou o pacto de estado contra a violencia de xénero con 213 medidas adoptadas con 218 deputados/as a favor, só houbo 65 abstencións, tendo en conta que se recolleron ademais as suxestións do Parlamento Galego. Considerou que os concellos teñen competencias tamén nisto, como se amosou no acto de hoxe, nos actos que se celebran nos centros de ensino para que se conciencie aos nenos/as sobre a igualdade, no traballo do CIM con asistencia xurídica e psicolóxica ás mulleres. Rematou dicindo que hai que consensuar a utilización dos 100 millóns de euros que hai destinados para as corporacións locais pero para iso hai que aprobar os orzamentos do Estado e que o seu grupo está disposto a aprobar a moción sempre que no punto dous se engada a coletilla “de que a súa formación vote a favor nos orzamentos xerais do Estado”.

A Sra. González-Haba Pérez, manifestou que ela no PSOE nacional pouco peso ten e que moita xente non poido estar no acto de hoxe porque traballa pero que o evento tivo que celebrarse o propio sábado. Indicou que hai que dar respostas efectivas, opinando no mesmo senso ca concelleira nacionalista na importancia na educación. Rematou dicindo que nos orzamentos do Estado aínda prorrogados tamén se poden consignar as contías da loita contra a violencia de xénero.

A Sra. Fernández Agraso, manifestou que un luns ás 17:00 horas é difícil reunir xente e que lle parece ben que haxa investimentos de diñeiro nos orzamentos. Rematou dicindo que lle parece mezquino tratar de introducir unha “coletilla” e paralizar unha moción co argumento da aprobación dos orzamentos do Estado, cando estamos a falar practicamente dunha mera declaración de intencións.

A Sra. Freire Fernández lamentou que se estivese a facer política nun tema tan sensible, dicindo que houbo máis de cen persoas no acto (“querer é poder” afirmou) e que se fose o sábado tamén habería outros problemas pois o día e o horario non é perfecto para todos. Rematou insistindo na “coletilla” a engadir no punto 2 da moción.

O **Sr. Agís Balboa** non lle pareceu mal facer política con este tema xa que “instar” é o que é, e non se debe mesturar os orzamentos con isto. Sobre o acto celebrado manifestou que nos estamos acostumando á foto e isto é o de menos, pois hai que implicarse porque algúns saen na foto e logo non fan nada. Rematou dicindo que a Administración do Estado ten diñeiro para este fin e hai que tratar de superar os problemas sen “tirarse los tejos unos a otros”.

A **Sra. González Haba Pérez**, manifestou que era unha mágoa que o PP non vote a favor da moción e que iso ía a entenderse mal.

O **Sr. Presidente** manifestou que ninguén presente na sala está en a favor da violencia de xénero pero que estamos diante dunha moción que remite o PSOE á súa concelleira, que non se quere variar, e que por absterse non se pode dicir que se está a favor da violencia de xénero. Rematou instando ao consenso para pactar na corporacións as iniciativas.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 06 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.** ..-----

2º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. GONZÁLEZ-HABA PÉREZ, RELATIVA AOS INCENDIOS FORESTAIS (R. DE ENTRADA NÚMERO 12.716 DO 27/11/17). A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, deu lectura a moción que literalmente di:

““El grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo, a través de su portavoz María del Coral González-Haba Pérez y al amparo del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, presenta ante al Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

MOCIÓN

La oleada de incendios que asoló Galicia el mes pasado, de manera más intensa el domingo 15 de octubre, supuso una nueva desgracia para el país, para su riqueza medioambiental, social, vital y económica. Pero indiscutiblemente, y sin punto de comparación, las desgracias humanas sufridas durante esos días, que causaron la muerte de 4 personas fueron una pérdida irreparable e insuperable. También dejó un reguero de destrucción sobre la biodiversidad de las zonas afectadas, lo más visible son los esqueletos de árboles calcinados, pero en los montes habrán muerto millones de animales, sumando los que viven en la superficie más los del subsuelo.

El problema de los incendios en Galicia no es nuevo. De manera continuada se vienen produciendo hechos y situaciones que alimentan y favorecen la aparición de incendios en el monte gallego. La falta de limpieza del monte supone un elemento de gran peligro, y un factor tremendamente favorable a la aparición y, sobre todo, a la propagación de los incendios. Es imprescindible llevar a cabo una política de prevención eficiente, consensuada con las Comunidades de Montes, Ayuntamientos, Diputaciones,

Agrupaciones Ecologistas, y comunidad científica. La sequía y el cambio climático han venido para quedarse y demuestran que la política forestal no se puede reducir del 15 de junio al 30 de septiembre. No paguemos por apagar y sí por prevenir.

La política de extinción de incendios del Gobierno de la Xunta de Galicia fue errática y llena de improvisaciones. Algunos de los errores fue la decisión de no prolongar contratos de personal anti-incendios, (fijos discontinuos de 3 meses, 436 personas y 500 brigadistas altamente cualificados de SEAGA), también la falta de respuesta ante las advertencias de peligro que desde distintas voces autorizadas y expertas hicieron del nivel de peligro existente (regla de los tres 30), y por último el rechazo a las iniciativas parlamentarias que hicieron distintos grupos políticos.

La situación vivida en esos días, y en particular el domingo 15 de octubre, fue absolutamente caótica. Existió claramente una deficiente coordinación de servicios por parte de la Xunta de Galicia. Los ayuntamientos se vieron abandonados y sobrepasados, teniendo que afrontar los incendios con sus propios medios municipales y/o con menguados efectivos autonómicos.

Por todo esto, el **PSdeG-PSOE** solicita al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

ACUERDO:

1. Instar a la Xunta Galicia a que en los próximos seis meses el gobierno gallego apruebe todas las iniciativas legislativas para la promoción de una política forestal que permita la conservación, protección y puesta en valor de los montes y bosques de Galicia. Unas propuestas que deberán ser elaboradas, pactadas y consensuadas con los municipios, las Diputaciones y con el asesoramiento de la comunidad científica.

2. Instar a la Xunta Galicia a elaborar un protocolo junto a los ayuntamientos, Diputaciones y técnicos medioambientales para las actuaciones ante los incendios forestales que garanticen una mayor coordinación y atención temprana a los mismos.

3. Instar a la Xunta Galicia a que introduzca en el currículo educativo de los escolares gallegos y gallegas de todos los niveles de enseñanza los valores de respeto al medioambiente, la protección y puesta en valor de nuestros montes y bosques.

4. Instar a la Xunta Galicia a elaborar proyectos formativos y de concienciación de cara a contribuir a que la sociedad gallega valore, respete y cuide del patrimonio cultural y ambiental que suponen nuestros bosques.

5. Instar al Gobierno de España y a la Xunta Galicia a que establezcan de manera inmediata las ayudas necesarias para recuperar la riqueza forestal de los bosques y montes gallegos y el patrimonio que perdieron los vecinos y vecinas de toda Galicia.

6. Dar traslado de la Moción y su aprobación al presidente del Gobierno de España, al presidente de la Xunta de Galicia, a la Consellería de Medio Ambiente y a la Consellería de Medio Rural y a la Ministra de Agricultura y Medio Ambiente. En Sanxenxo, 27 de Noviembre de 2017.””

A **Sra. González-Haba Pérez** xustificou a urxencia dicindo que a pesares da seca e do cambio climático a campaña de extinción se estendera dende o 15 de xuño ao 30 de setembro e que en todo caso esta ten que ser moito máis eficaz.

A continuación o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. González-Haba Pérez** manifestou que o número de hectáreas queimadas superaron as 35.500 segundo outros estudos. Insistiu no fracaso da Xunta e do Sr. Feijóo na xestión, no mantemento dos pastos e na mellora dos corta lumes. Indicou que non se tivo en conta o perigo existente cando hai ventos de máis de 30 quilómetros por hora, temperaturas de mais de 30° e unha

porcentaxe de humidade de máis do 30% e da incidencia no furacán “Ofelia”. Indicou que fracasou a cadea de mando pois o 12 de outubro gran parte dos brigadistas do SEAGA quedaron sen contrato aínda que foron contratados de novo o día 16 de outubro, que houbo menos helicópteros, que se contactou coa UME tarde, en fin, un caos.

O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que recibiu a moción agora neste intre e relatou que polo que veu o día dos incendios e polo que lle contou un compañeiro de Baiona, cando se da unha situación así pouco hai que facer. Indicou que se hai cento e pico de lumes á vez con incidencia incluso en parques e xardíns é imposible actuar mellor cos medios existentes. Tamén dixo que hai que realizar máis tarefas de prevención, lembrando que en 2006 aínda houbo máis hectáreas queimadas. Rematou dicindo que hai que ser autocríticos pois non se limpan as fincas, xa que moitos titulares só pensan nelas cando hai madeira ou cando hai incendios, insistindo que é tamén unha cuestión educativa.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestou que o desmantelamento do rural é unha das causas destes lumes, que a vaga deles poido ocorrer en Vigo ou en calquera parte, que custa moito manter os montes pola escasez de medios e que a presenza dos eucaliptos complica a situación. Indicou que en Sanxenxo hai numerosas parcelas en solos urbanizables con eucaliptos, como ocorre en Nantes, cunha empresa de gas e eucaliptos ao carón, e que agás en zonas rústicas non pode haber poboados deste tipo de árbores. Seguiu a dicir que dende o concello pode promoverse que nos solos urbanizables non interfiran as árbores na veciñanza (falou que o Sur e o Norte de Dorrón non se miran por mor dos eucaliptos). Rematou dicindo que hai que se animar a aprobar normas para incidir neste cuestión por seguridade e para defender os acuíferos que acaban secándose polas raíces dos eucaliptos.

O Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que con estas mocións se ven ao pleno a facer política e que ás condicións atmosféricas hai que engadir a intencionalidade. Repasou as medidas aprobadas pola Xunta en novembro en materia de incendios: medidas ocupacionais, de axudas, de medios, etc.

A **Sra. González-Haba Pérez** falou de que as medidas das que fala o Sr. Deza Otero son posteriores ao 15 de outubro. Lembrou que os expedientes de limpeza de fincas que se tramitan en medio ambiente (ela tamén foi titular desta concellería) eternízanse polos trámites legais. Instou a que se axilicen as limpezaas pois aínda coa mediación da policía de medio ambiente os expedientes son tediosos e longos.

O Sr. Agís Balboa falou como causa dos lumes as altas temperaturas, o cambio nas estacionalidades, o tema grave da falta de auga, o pouco que chove, e do eucalipto e especies arbóreas foráneas. Estimou positiva a postura do Sr. Otero Domínguez para estudar o PXOM e decidir cambios na política forestal, independentemente dos intereses das pasteiras. Rematou dicindo que de tódolos xeitos do dito ao feito hai un gran treito e que sendo o papel da Xunta de Galicia importante é fundamental o papel dos veciños e dos concellos.

O Sr. Deza Otero manifestou que os expedientes de limpeza de fincas eternízanse pero os titulares acaban reaccionando. Considerou moi importante a iniciativa da Xunta, aínda recoñecendo que se as condicións atmosféricas e a intencionalidade coinciden no mesmo día, é moi difícil a reacción ante os lumes.

Logo de referirse ás distancias que establece a lei entre as zonas arboladas e ás casas o **Sr. Presidente** manifestou que o mantemento dos montes, tanto dos de man común como dos de particulares, presentan problemas e hai que buscar solucións de consenso.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación a **moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 06 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non se aprobou a moción**.....

3º) MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SRA. FERNÁNDEZ AGRASO, SOLICITANDO SE HABILITEN AULAS DE ESTUDO NO NOVO CENTRO CULTURAL DE VILALONGA. A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura a moción que literalmente di:

“”Dna. Sandra Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo.

EXPÓN:

O fomento da lectura e as Bibliotecas Públicas Municipais (BPM) son dúas realidades que deben ir necesariamente collidas da man, e así queda reflexado moi claramente no propio Manifesto a favor das bibliotecas públicas da UNESCO, no que no seu primeiro apartado dedicado á finalidade das bibliotecas públicas é “crear e consolidar o hábito de lectura nos nenos dende os primeiros anos” manifestando na súa introdución que “a biblioteca pública desempeña un papel activo na creación e fomento dos hábitos de lectura, no desenvolvemento da creatividade persoal e da imaxinación, e na utilización do tempo libre. Debe ser unha entidade estimulante e dinamizadora”.

Así pois, para nós, as BPM deben ser centros informativos, centros formativos, pero tamén espazos recreativos. Centros nos que os usuarios, sobre todo nenos e nenas, poidan atopar unha oferta de ocio, un centro de cultura vivo, de entretemimento con accións destacadas na dinamización e fomento da lectura, a calquera idade dende os máis cativos e cativas que poidan ir ás BPM a que os seus pais e nais lles poidan ler un conto, aos que están comezando a ler, e aos rapaces e rapazas que deixan de lado por un momento os videoxogos para ollar un libro.

Por iso é moi importante o traballo dende as administracións para a realización de actividades culturais que fomenten o hábito da lectura, ben sexa en forma de contos, ou tamén, e como tiñamos planificado na área de Cultura dende o BNG con talleres de comprensión lectora, actividade de práctica de escritura, creación dun club de lectura, encontros con autores e ilustradores, fomento da narración oral para preservar tradicións do noso contorno, etc.

Si ben é certo que todo este tipo de actividades colisionaba co feito de ser as BPM moi utilizada por estudantes, creando así malestar nestes e provocando moitas queixas públicas ao respecto e mesmamente tamén numerosas críticas ao horario no que están abertas ao público as tres BPM do noso concello.

Neste momento o concello de Sanxenxo está a sufragar o alugueiro de un novo Centro Cultural en Vilalonga. Este inmoible trátase de un antigo establecemento hoteleiro que na súa primeira planta dispón de habitacións que algunhas delas poderían, perfectamente, utilizarse como “aulas de estudo”. Este inmoible pode dispoñer de un horario amplo incluso nas fins de semana e dispón de cafetería na súa planta baixa, polo que consideramos é unha boa alternativa para os mozos e mozas que queira estudar con un ambiente adecuado e sen distraccións.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes **ACORDOS**:

-Instar ao Goberno de Sanxenxo que habilite dúas aulas de estudo (máis si fose necesario, segundo demanda) no novo Centro Cultural de Vilalonga dotándoas do mobiliario necesario e WIFI. Sanxenxo a 27 de novembro de 2017.””

A **Sra. Fernández Agraso** xustificou a urxencia dicindo que hai críticas de usuarios da biblioteca, estudantes universitarios, que queren facer máis horario. Dixo que aínda que non estamos a falar dunha biblioteca universitaria considera que é urxente habilitar aulas de lectura en Vilalonga (por exemplo no Nadal se habilitaba unha aula de lectura no edificio de usos múltiples en Portonovo).

A continuación o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, lembrou os trámites para a instalación da biblioteca de Vilalonga e anunciou o seu voto favorable á moción. Manifestou que se houbo cartos para facer oficinas novas na casa do concello e instalar cristaleiras no andar donde se atopa a alcaldía, ten que habelos para as aulas de lectura. Rematou dicindo que o do wifi xa é máis complicado aínda que animou a que se consiga contar con wifi de balde en varias rúas e prazas públicas como hai noutros municipios.

A **Sra. González-Haba Pérez**, concelleira do Grupo Municipal Mixto, mostrouse tamén de acordo coa moción para que os estudantes teñan un sitio tranquilo. Rematou dicindo que por unha vez coincide co Sr. Agís Balboa.

A **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que estaba sorprendida coa intervención da Sra. Fernández Agraso porque as boas ideas sempre deben ser plantexadas. Porén, engadiu que non lle parecía posible levar aulas de estudo ao andar superior do edificio onde está situado a Asociación Cultural de Vilalonga, convidando aos compañeiros da corporación a mirar as fotografías das habitacións dun hotel que ten máis de 40 anos con problemas para o uso público (cuestións de acceso, barreiras arquitectónicas, medidas de emerxencia, etc.). Matizou que está a favor das aulas de lectura en Vilalonga pero non nese lugar pois non pode instalalas en habitáculos duns 14 metros cadrados para unhas poucas persoas, polo que está a traballar para conseguir locais axeitados. Rematou dicindo que ten ideas e pide que haxa consensos para ter espazos e horarios amplos.

O **Sr. Agís Balboa** reiterou que estaba a favor das aulas de lectura e non ve lóxico que por estas discusións e desculpas haxa que esperar dez anos para poñelas en marcha. Lembrou o que está a pasar co futuro edificio de O Revel que parece que nunca vai ver a luz.

A **Sra. Fernández Agraso** manifestou que parécelle ben o argumento da Sra. Lago Martínez pero ela non fixo un plantexamento de máximos. Indicou que houbo unha aula de estudo no edificio de usos múltiples en Portonovo que tamén ten escaleiras e barreiras arquitectónicas, pero hai que empezar por algo (“é mellor algo que nada”, dixo). Recoñeceu que son espazos reducidos pero que

non é unha biblioteca de universitarios. Rematou dicindo que poñendo eivas non se fan as cousas, que as instalacións non serían as mellores do “mundo mundial”, senón algo de transición e que “querer é poder” como dicía no punto anterior a Sra. Freire Fernández.

A **Sra. Lago Martínez** insistiu que os posibles usuarios rexeitan a ubicación proposta lembrando que está a traballar e que ten ideas nesta cuestión que exporá en canto estean concretadas.

Logo de dicir o **Sr. Presidente** que non lle parecía a instalación proposta unha boa ubicación para as aulas de lectura e a continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 06 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **non se aprobou a moción.**-----

4º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. AGÍS BALBOA, POLA PRESERVACIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE. O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, deu lectura a moción que literalmente di:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 27 de Novembro de 2017, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN “SANXENXO POLA PRESERVACIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE”

O medio ambiente hai que coidalo e polo que se está a ver (cambio climático, falta de choiva e escasez da auga, lumes, contaminación ambiental...) debería ser unha das prioridades non so dos gobernos dun país ou das comunidades autónomas, senón tamén de tódolos concellos, e por suposto, en último término, de todos nós, pois somos uns dos principais afectados (e a súa vez causantes da maioría dos problemas).

Neste senso, os concellos deberían participar activamente na concienciación dos seus veciños de cara a mellorar as medidas de prevención de incendios, aproveitamento e uso racional da auga, cultivo de especies autóctonas de árbores (non tanto eucalipto), reciclaxe (vidro, plásticos,...), limpeza de camiños e montes, etc. Facer o que sexa necesario (talleres, cursos, campañas informativas...) para a preservación e mellora do medio ambiente de Sanxenxo. En definitiva, converter a Sanxenxo nun sitio comprometido de verdade co coidado e mellora do seu entorno.

Para elo, o concello debería axudar, informar e buscar os medios necesarios para levar a cabo o xa mencionado. Isto é responsabilidade de todos. Se todos os concellos e seus veciños/as fixeran un bo traballo neste senso, de seguro as cousas mellorarían para todos ou os danos serían moito menores do que están a ser. Pensade nos vossos fillos, netos,...que recibirán de todos nós?

E por elo que procedo a presentar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO:

- Instar ó Goberno Municipal do Concello de Sanxenxo a que recolla nos presupostos unha partida presupostaria para facer un estudo serio do concello en canto as medidas que se poideran tomar para a preservación e mellora do seu medio ambiente. Sanxenxo, a 27 de Novembro de 2017.”

O **Sr. Agís Balboa**, xustificou a urxencia incidindo na necesidade de preservar o medio ambiente, e mellorar a xestión da auga, dos montes, da reciclaxe, etc.

A continuación o **Sr. Presidente** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, manifestou que non estaba en contra da moción pero que esta é moi xenérica e non se ve moito senso (un pouco “rollo” a proposta). Preguntouse que tipo de medidas se solicitan e qué se pide en concreto.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, falou que estabamos ante unha declaración de intencións e coincide coa Sra. Rodríguez Búa na inconcreción no documento.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que non ía a repetir o dito polas súas compañeiras, pero lembrou que en 2004 houbo un foro de medio ambiente do Concello de Sanxenxo e á cuarta reunión cansouse todo o mundo e marcharon ata os ecoloxistas. Opinou que foi un auténtico “brindis ao sol” e que propoñerlle isto a Telmo Martín pode ser reeditar aquilo.

O **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, anunciou a abstención do PP lembrando actuacións que se están a facer no goberno local como detectar de fugas de auga, fomentar que se baixe o consumo por parte das empresas e limpar os camiños. Rematou dicindo que os ratios de reciclaxe son bos (por exemplo recóllense 29 kilos de vidro por persoa/ano en Sanxenxo mentres en Pontevedra recóllense 14).

O **Sr. Agís Balboa**, criticou que parece que o medio ambiente non lle importa a ninguén pero que el sigue e seguirá reivindicando a súa defensa. Incidiu nos temas do consumo de auga, reciclaxe, incendios, etc. En materia de reciclaxe incluso citou a posibilidade instalar máquinas en supermercados e áreas comerciais para recoller bolsas, sistema que non é tan difícil implantar en Sanxenxo. Engadiu que hai que pozos secos, problemas cos embalses e o abastecemento para os municipios, pero parece que “nin Deus fai nada”. Rematou dicindo que se pretende a aprobación dunha partida orzamentaria, que iso é serio e importante pois parece que aquí so estamos a facer política e recoller votos, poñendo pegas. Dixo que estaba entristecido coa actitude dos seus compañeiros de corporación.

A **Sra. Rodríguez Búa** dixo que non estaba en contra da moción pero pediu precisión. Anunciou, a pesar disto, que ía votar a favor.

O **Sr. Otero Domínguez** tamén anunciou que o seu grupo ía a votar a favor a pesares da inconcreción da moción. Lembrou os tempos onde o concelleiro Sr. Agís Balboa votaba no mesmo senso que o PP para dicir que el agora vai a apoiar a moción do concelleiro do grupo mixto.

O **Sr. Agís Balboa**, manifestou que o pensamento é ceibe e independente á hora de votar.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 06 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.** ..-----

5º) MOCIÓN DO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. AGÍS BALBOA, PARA RECUPERAR E POTENCIAR OS CASTROS DE SANXENXO. O Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto, deu lectura a moción que literalmente di:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 27 de Novembro de 2017, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN “RECUPERAR E POTENCIAR OS CASTROS DE SANXENXO”

Sanxenxo é moi turístico, pero sabemos que fora da tempada de verán ou se hai mal tempo non temos tantas actividades que ofrecer. O turismo de natureza, cultural, o senderismo,... cada vez teñén máis reclamo. Senón diganllo a Ruta da Pedra e da Auga,... Aquí estase a traballar na Ruta dos Muiños, esperemos que se leve a cabo pronto.

Recentemente as excavacións na Lanzada sacaron a luz achados que converten a Lanzada nun sitio de referencia no mundo arqueolóxico. Estamos a potenciar a Ruta do Padre Sarmiento e fálase de converter o Priorato de Arra nun albergue de dita ruta.

En Galicia fálase de máis de 3000 castros catalogados (algún falan de 5000). Patrimonio Galego ten catalogados un en Dorrón e outro en Nantes. O problema é o de sempre, están olvidados da man de Deus. Non estaría mal traballar e ver de como recuperalos, dalos a coñecer, en definitiva, convertelos nun ben cultural de Sanxenxo e a súa vez nun reclamo turístico. Unha alternativa ó sol e a praia....pola cal pregunta moita xente.

E por elo que procedo a presentar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO:

- Instar ó Goberno Municipal do Concello de Sanxenxo a que busque a maneira de por en valor os castros presentes no noso concello. Para elo deberá buscar a colaboración con outras administracións públicas (ej: Xunta, Deputación, Patrimonio...) para poder levar isto a cabo a través de subencións, etc. Sanxenxo, a 27 de Novembro de 2017.”

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia explicando que todo o mundo fala de Sanxenxo polo turismo, pola gastronomía, pola paisaxe, etc. pero o certo é que cando chove no verán e non se pode ir á praia ou ao porto non se sabe que facer. Por iso os investimentos nos castros como monumentos que resultan, son moi importantes para a cultura do municipio e para que se fomenten ás visitas aos mesmos.

A continuación o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Rodríguez Búa** manifestou que esta moción é moito máis concreta que a anterior do Sr. Agís Balboa e que parécelle interesante, anunciando que conta co seu apoio.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, opinou o mesmo pois estamos diante dunha moción mellor estruturada encantándolle a idea por seren, incluso, moi atractiva para o turismo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, defendeu a importancia que teñen os castros en Galicia, recalcando porén que os de Dorrón e Nantes están baixo eucaliptais o cal é un tema que hai que corrixir. Dixo que non todos os investimentos en Sanxenxo teñen que ser necesariamente para o turismo pois hai máis cousas e así as escavacións na busca da cultura deben ser un obxectivo que obriga ás administracións con cargo incluso aos fondos europeos para non cargarlle todo o gasto aos concellos. Rematou dicindo que apoian a moción pero que todas as administracións deben de cumprir coas súa obrigas.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, mostrouse de acordo con todo, pois hai que poñer en valor estes castros na defensa da cultura e da historia. Indicou que dende a Mancomunidade do Salnés están a potenciar unha ruta dos castros (O Grove, Vilagarcía de Arousa co “Castro Aobre”, Meaño, etc). Rematou dicindo que xa houbo reunións en Madrid para os investimentos en castros da zona.

O **Sr. Agís Balboa** agradeceu a toda a corporación o apoio á moción, e manifestou que en Galicia hai que defender a cultura e os monumentos como por exemplo as igrexas ás que son visitadas (“para observalas ou para rezar”). Rematou dicindo que sería una boa idea elaborar un catálogo do patrimonio de Sanxenxo.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, que foi aprobada por **unanimidade dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.** -----

ROGOS

1º) A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, considerou que deben realizarse os trámites para que se limpen as parcelas da SAREB en Dorrón pois a alta vexetación pode afectar ás vivendas.

O **Sr. Alcalde** manifestou que o rogo se ía ter en conta e que lle parece que a concelleira non adscrita se está a referir aos terreos do SU-1 e do SU-8.

2º) A **Sra. Rodríguez Búa** manifestou que na parada de bus escolar con marquesiña existente na estrada subindo do Outeiro en Dorrón hai perigo para os rapaces. Aclarou que os nenos están na beirarrúa moi preto da zona de circulación dos coches e hai pouca visibilidade co que é necesario recortar a beirarrúa.

3º) A **Sra. Rodríguez Búa** manifestou que hai obreiros, municipais ou da concesionaria, que recollen lixo á man dos colectores medio baleiros, normalmente amarelos, en lugar de facelo como maquinaria con evidente perigo de accidente para os traballadores.

O **Sr. Alcalde** manifestou que isto era certo anunciando que tomará medidas para evitalo.

PREGUNTAS.

1º) A **Sra. Rodríguez Búa**, comezou a falar da reunión que celebrou a Xunta de Compensación do parque empresarial, en concreto, co tema de recollida das augas residuais con destino á depuradora de Meaño. Detallou que hai un informe desfavorable de Augas de Galicia de 11/02/17 para verter no bombeo dos Pasales e na propia depuradora por falla de capacidade e preguntou por isto: ¿Existe o informe desfavorable? Si existe o informe desfavorable, hai agora outro informe favorable?.

O **Sr. Alcalde** manifestou que non é correcta a exposición porque na depuradora de Meaño está previsto que Cambados verta un 3% das súas augas residuais, Meaño un 50% e Sanxenxo un 47%. Aclarou que coas augas residuais do parque empresarial Sanxenxo estaría moi lonxe do 47% previsto. Rematou dicindo que non existe un novo informe todavía pero que a cuestión non se plantexou ben por parte do goberno anterior.

2º) A **Sra. Rodríguez Búa** lembrou que o Sr. Alcalde dixo que habería que colocar un tubaría de 500 mm en lugar da de 300 mm pero se os técnicos dicían que non se podía verter non entende como agora poden cambiar de opinión.

O **Sr. Alcalde** manifestou que as cousas ás veces cambian poñendo como exemplo a Xustiza na cal os tribunais, ás veces, teñen opinións distintas.

3º) A **Sra. Rodríguez Búa** manifestou que o Sr. Alcalde anunciou no pasado que ía publicar os contratos menores para fomentar a publicidade e a concorrència. Preguntou por que o Sr. Alcalde non cumpriu.

O **Sr. Alcalde** manifestou que a Sra. Rodríguez Búa ten razón, pero non puido cumprir o dito porque o concello está saturado en materia de contratacións e incluso foi publicada a nova lei de contratos que hai que estudar.

4º) A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou cómo están os trámites de adquisición dunha parcela en Miraflores para melloras escolares e outra en Gondar para uso xeral dos veciños, pois o goberno anterior xa deixou os tramites iniciados.

Tanto o Sr. Alcalde como o Sr. Gonzalo Pita manifestaron que os trámites están na fase final e que en xaneiro teremos o expediente avanzado.

5º) A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou pola contía das custas que o concello ten que asumir polo xuízo do SU-13.

O **Sr. Alcalde** manifestou que o custo ascende a uns 133.000 euros que hai que pagar canto antes.

A **Sra. Rodríguez Búa** manifestou que estamos diante doutro gasto máis que causa o urbanismo de Sanxenxo.

6º) O **Sr. Agís Balboa** preguntou porque non foi convidado á reunión do polígono celebrada no Pazo Emilia Pardo Bazán aínda recoñecendo que non podería asistir porque estaba ausente.

O **Sr. Alcalde** contestou que a Xunta de Compensación é a que convoca este tipo de reunións, manifestando tamén o **Sr. Otero Domínguez** que o seu grupo asistiu porque se enterou pola prensa.

7º)O **Sr. Agís Balboa** lembrou ao alcalde as súas verbas de que se ía abrir o polígono en tres ou seis meses e que incumpridos estes prazos, preguntou cales son agora os prazos que fixa o alcalde.

O **Sr. Alcalde** informou sobre o custo das actuacións que quedan pendentes no polígono a maiores da execución do aval (uns 638.000 euros aproximadamente). Tamén dixo que se están activando os trámites e que incluso pode cambiar o sistema de actuación.

8º)O **Sr. Agís Balboa** lembrou que se aprobaron mocións para reubicar as caravanas que veñen no verán ao municipio e preguntou: ¿Teñen pensado o lugar para ubicalas?.

O **Sr. Alcalde** manifestou que hai tres sitios posibles, que se está a negociar pero ata este intre non quere facelos públicos.

9º)O **Sr. Otero Domínguez** lembrou os dez ou quince anos que estivo xestionada a depuradora de Dena antes de pasar á Xunta de Galicia e que o Sr. Alcalde fala dun “dereito de caudal”. Preguntoulle se ten seguridade na porcentaxe do 47% e se a depuradora non estará saturada.

O **Sr. Alcalde** lembrou que a depuradora está proxectada para uns 35.000/38.000 habitantes pero os caudais están afectados porque hai moitas augas pluviais que non deberían ir á mesma.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que as cuestións da saturación por pluviais dependen da Xunta de Galicia.

O **Sr. Alcalde** manifestou que o asunto hai que solucionalo, prometendo “xestión, xestión e xestión”.

10º)O **Sr. Otero Domínguez** lembrou a incomparecencia dos letrados cando se perdeu o preito do SU-13 preguntando se se van reclamar danos e prexuízos por non se persoar en prazo.

O **Sr. Alcalde** manifestou que non lle pode contestar pois non sabe o que vai facer lembrando que tamén o goberno anterior tivo o asunto sobre a mesa.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que había base para facer a reclamación pero foi un asunto “kafkiano” onde se fixo o ridículo.

11º)O **Sr. Otero Domínguez** fixo referencia a unha reclamación dun empregado de servizos por abrir e pechar o cemiterio, cesando a situación por un informe da intervención. Expuxo que no cemiterio de Dorrón non se usan os baños porque nadie os abre, preguntou e: ¿Que solución ten esta deficiencia?.

O **Sr. Alcalde** dixo que se está tratando pero que os baños non se poden abrir todos os días senón cando se demande esta necesidade por celebrarse actos no cemiterio.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión senso as vinte e tres horas e quince minutos, de todo o que, eu secretario acctal. **dou fe:**